



Avisos

*A Xunta de Galicia ven de publicar no DOG de data 24 de xaneiro de 2018 a convocatoria de axudas para rehabilitación de edificios e vivendas nas parroquias "afectadas" polo Camiño de Santiago. Para poder acceder a estas subvención debese contar coa cualificación definitiva da actuación. Máis info no Concello ou na web do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

*Esta próxima tamen a publicación, por parte da xunta de Galicia, das axudas para substituír caldeiras de calefacción e ACS. Os interesados en cambiar a súa caldeira de gasoil por unha de pelets ou leña vaian facendo o estudo da actuación a realizar pois o prazo de solicitude acostuma a ser moi pequeno.

*Dende o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo colaboran con axudas para empresas e particulares que querían investir no rural a través dos proxectos LEADER. Subvencionase dende maquinaria, equipamentos novos, construción de inmobles,... ata páxinas web, patentes,... Así que se tes unha idea emprendedora e buscas financiamento podes contar co GDR. Podes contactar co GDR no 981 511 377 ou ven no enderezo Avda Lugo, num. 41 Pedrouzo (O Pino) ao carón da estrada N-547.

Servizos Sociais

***Actividades lúdicas no proxecto de Bebeteca:** Aínda que xa comezaron as actividades para os nenos/as e os seus pais/nais os martes e xoves no Centro Social Municipal de Maiores, animamos a todas aquelas familias (con menores en idades comprendidas entre 1 e 7 anos) que aínda non participan a que se acheguen ó citado centro para incorporarse ás actividades.

Emprego

* AXUDAS CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Subvencións para a dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais (DOG núm. 23 do 01/02/2018):
 - o Implantación de solucións dixitais para a adaptación das empresas comerciais e artesanais ás novas tendencias do mercado.
 - o Proxectos de modernización integral do local comercial incluídos nun proxecto de decoración e interiorismo.
- Programa de incentivos á contratación na empresa ordinaria para o ano 2018 (DOG núm. 24 do 02/02/2018): poderán ser entidades beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas que contraten traballadoras/es por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo de Galicia.
- Programa de axudas á promoción do emprego autónomo e de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas (DOG núm. 19 do 26/01/2018)
- Programa de pequenas empresas de nova creación e de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (DOG núm. 19 do 26/01/2018)

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Subvencións para proxectos de investimento en actividades non agrícolas (DOG núm. 20 do 29/01/2018): Apoio á ampliación e modernización de pequenas empresas mediante a adquisición de equipamentos produtivos destinados a actividades non agrícolas, e a execución de obras e/ou instalacións necesarias para o funcionamento da maquinaria adquirida.

Cultura

***Entroido 2018.** Con motivo do entroido deste ano 2018 o Concello organiza un baile de disfraces no polideportivo municipal o Sábado 10 de febreiro en horario de 4 a 7 da tarde. Teremos varios inchables, amenización musical, doces e chocolate, obradoiros,... para todas as idades e condicións. Vídeo pasar ben connosco.



Aproveitamos para vos anunciar que ese mesmo día a comisión de festas de Boimorto organiza un cocido para todo aquel que estea interesado en acudir, poñédevos en contacto con eles para vos anotar.